



FACULTADE DE VETERINARIA

TRABALLO FIN DE GRAO

De acordo co disposto no artigo 5.10 da *Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao en Veterinaria*, procédese a describir o proceso polo cal se vai levar a cabo a asignación dos mesmos.

No mes de xuño, a Comisión do Traballo Fin de Grao publicará a relación de propostas de temas e titores para a materia Traballo Fin de Grao (TFG) do curso seguinte (**novos traballos**).

1ª Fase: Alumnos con TFG asignado no curso anterior. A principios de cada novo curso académico (principios de setembro), os alumnos que teñen un TFG asignado deberán comunicar se desexan participar no novo proceso de asignación. De ser así, os estudantes cubrirán un formulario (*Novo TFG*, dispoñible na páxina web da facultade no apartado Traballo Fin de Grao: impresos de alumnos). Unha vez cuberto o impreso entregarano na secretaría do centro, de non facelo no prazo establecido continuarán co mesmo TFG.

2ª Fase: Publicación da listaxe dos alumnos matriculados na materia TFG que optan aos novos traballos. Os estudantes aparecerán ordenados polo seu expediente académico (*ránking académico: RA*), xa que éste será o criterio para a prelación na selección do TFG.

3ª Fase: Solicitud de asignación do TFG. Os estudantes cubrirán un formulario (*Prelación de tema e titor*, dispoñible na páxina web da facultade no apartado Traballo Fin de Grao: impresos de alumnos) no que seleccionarán as propostas de titores e temas por orde de preferencia. O número de traballos que cada estudante debe seleccionar coincidirá obrigatoriamente coa súa posición no *RA* (un estudante no posto 16 do ránking debe elixir, e ordenar por orde de preferencia, 16 propostas empregando o seu código correspondente). Unha vez cuberto o impreso, entregarano na secretaría do centro no prazo establecido e gardarán unha copia para a reunión de asignación dos TFGs.

4ª Fase: Reunión presencial para a asignación dos novos TFGs. Entre finais de setembro e principios de outubro, os alumnos que figuran no *RA* serán convocados a unha reunión na que elixirán traballo e titor. A convocatoria será xeral e a elección farase segundo o *RA*, aqueles que non estean presentes cando sexan nomeados ou que non entregasen o impreso *Prelación tema e titor*, perderán a súa quenda e farán a súa elección despois de que o faga o último.

5ª Fase: Presentación do impreso do acordo entre estudante e titor/a ou cotitores. Os alumnos con traballos asignados presentarán na secretaría do decanato, no seu prazo correspondente, o impreso *Acordo alumno e titor* (dispoñible na páxina web da facultade no apartado Traballo Fin de Grao: impresos de alumnos) que enviarán tamén á dirección electrónica fvsecdec@usc.es

As datas de cada unha das fases aprobaranse pola Xunta de Facultade e publicaranse anualmente na páxina web da facultade e no taboleiro do TFG. A data da reunión para a asignación dos novos traballos incluírase no horario de clases do Grao en Veterinaria.

Aqueles que se matriculen na materia Tráballo Fin de Grao despois da data de publicación do *RA*, serán incluídos na convocatoria de asignación de febreiro do ano seguinte, na que o procedemento de asignación de TFG será o mesmo.